



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Didáctica das ciencias sociais II	Código	652G02022	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Magdalena Vidal, María Victoria	Correo electrónico	victoria.magdalena@udc.es	
Profesorado	Casás Salgado, Rafael Carlos Magdalena Vidal, María Victoria Pérez Guilarte, Yamilé Suárez Álvarez, Patricia	Correo electrónico	rafael.casas@udc.es victoria.magdalena@udc.es yamile.perez@udc.es p.suarez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A formación en Ciencias Sociais e no ámbito e disciplinas que a integran resulta de interese fundamental nos estudos dos/as mestres/as. Trátase do desenvolvemento do pensamento crítico, da adquisición dos fundamentos científicos e do coñecemento das Ciencias Sociais como recurso para o coñecemento do medio.</p> <p>Traballaranse conceptos, métodos e prácticas na didáctica das Ciencias Sociais con especial atención ao Patrimonio Cultural de Galicia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A31	Comprender os principios básicos das ciencias sociais.
A32	Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais.
A33	Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A36	Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura.
A37	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.



B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer a complexidade na construción do coñecemento histórico e social e a biodiversidade social e cultural. Adquirir habilidades para o manexo das distintas fontes de información orais, materiais, documentais, audiovisuais e informáticas.	A31 A33	B12 B13 B15 B23 B25	
Analizar o campo de coñecemento da Historia e das Ciencias Sociais e a súa fundamentación interdisciplinar.	A31 A33 A34 A35 A36	B1 B3 B21	C8
Reflexionar sobre os valores que se transmiten desde as ciencias sociais e a súa importancia na formación do pensamento social e na aprendizaxe de actitudes e valores democráticos.	A14 A34 A35	B6 B18 B19	C4 C7
Coñecer o curriculum das ciencias sociais na educación primaria. Analizar as metas educativas, a selección e organización dos contidos, as extratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas da avaliación.	A17 A32	B2 B12 B15 B16 B22 B24	
Transferir á práctica educativa o marco teórico co obxectivo de ser capaces de reflexionar sobre propostas didácticas innovadoras e desenvolver actitudes críticas e creativas fronte a experiencias didácticas presentadas na aula.	A17 A37	B1 B2 B16	



Adquirir competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe das ciencias sociais no contexto educativo da etapa 6 a 12 anos.	A5 A17 A33 A37	B2 B4 B5 B9 B12 B14	C1
---	-------------------------	------------------------------------	----

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1: As Ciencias Sociais e as súas finalidades educativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto.</li> <li>- Campo de coñecemento e epistemoloxía.</li> <li>- Interdisciplinarietà.</li> <li>- Finalidades educativas (formación pensamento social, educación democrática, valores).</li> <li>- O currículo de Ciencias Sociais.</li> </ul>
Bloque 2. Ensinar e aprender o tempo histórico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ensino e aprendizaxe da Historia e a temporalidade.</li> <li>- A construción do concepto de tempo.</li> <li>- O tempo histórico.</li> </ul>
Bloque 3. Ensinar e aprender o espazo xeográfico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ensinanza e aprendizaxe da Xeografía e o espazo xeográfico.</li> <li>- A construción das ideas espaciais.</li> <li>- O estudo e interpretación da paisaxe.</li> </ul>
Bloque 4. As manifestacións artísticas e culturais e o seu significado social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Patrimonio cultural e didáctica.</li> <li>- As manifestacións artísticas e o seu significado social.</li> <li>- Iniciación á recollida de información sobre o pasado a partir das fontes.</li> <li>- Temas de Prehistoria e Historia de Galicia.</li> <li>- Algúns feitos históricos relevantes dos séculos XIX e XX.</li> <li>- Patrimonio histórico e xeográfico de Galicia.</li> <li>- Elaboración de proxectos innovadores.</li> </ul>
Bloque 5. Estratexias metodolóxicas e recursos didácticos nas Ciencias Sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos e tipos.</li> <li>- As TIC nas Ciencias Sociais.</li> <li>- Cartografía.</li> <li>- Traballo con fontes históricas na aula.</li> <li>- Uso de testemuñas orais.</li> <li>- Planificación e desensolvemento de roteiros didácticos.</li> <li>- Museos e Ciencias Sociais.</li> <li>- Outros recursos.</li> <li>- Elaboración de proxectos innovadores.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A17 A31 A32 B21 B24	35	1	36
Actividades iniciais	A5 A14 A33 A34 A35 A37	1	0	1
Discusión dirixida	B1 B22 B23 C1 C4	10	25	35
Análise de fontes documentais	A36 B15 B16 B18 B19 B25 C8	5	32	37



Presentación oral	B4 B5 B6 B9	3	10	13
Saídas de campo	B12 B13 B14	6	24	30
Proba mixta	A31 A32 A33 A34 A37 B2 B3 B9 B13 C1 C7	2	70	72
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.
Actividades iniciais	Antes de iniciar os temas do programa se desenvolverán actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia.
Discusión dirixida	Metodoloxía fundamental para poñer en común os contidos traballados na aula e fora dela. Guía os traballos previos e concreta as conclusións e as aportacións dos grupos de traballo.
Análise de fontes documentais	Proporcionarase unha listaxe de lecturas complementarias ás explicacións teóricas dos contidos científicos e didácticos, uns con carácter obrigatorio e outros voluntario.
Presentación oral	Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.
Saídas de campo	Realizaranse saídas para o coñecemento do medio cultural e social en relación cos temas traballados na aula. De maneira opcional, o profesorado poderá realizar un Proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) no que á vez que se desenvolven aprendizaxes relacionados cos contidos da materia, ofrécese un servizo á comunidade, que dé resposta a algunha necesidade social identificada
Proba mixta	Realizaráanse probas sobre contidos teóricos impartidos nas sesións expositivas e traballados nas interactivas. Teránse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de relación, capacidade de traballo autónomo e en grupo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O alumnado recibirá atención personalizada que o oriente na metodoloxía para a selección e realización das lecturas e das recensións bibliográficas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B4 B5 B6 B9	Presentaranse na aula proxectos, esquemas e resultados do traballo do alumnado sobre dos temas tratados na aula, nas saídas ao medio e en calquera das cuestións tratadas na materia.	10
Saídas de campo	B12 B13 B14	O 30% correspóndese con itinerarios pedagóxicos (exame de contidos, preparación, realización in situ, presentación e memoria final) Puntuarase a asistencia, participación activa e traballo anterior e posterior ás Saídas ao Medio.	30



Proba mixta	A31 A32 A33 A34 A37 B2 B3 B9 B13 C1 C7	Constará de dúas partes:  Ao longo do curso poderán realizarse probas continuas sobre contidos teóricos impartidos nas sesións expositivas e traballados nas interactivas. Estas probas puntúan ata o 10%.  Realizarase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación (xuño) que versará tanto sobre aspectos teóricos, tratados na docencia expositiva, como sobre os prácticos das sesións interactivas. Esta proba puntuará ata o 50% ou 60% se se opta por non facer as probas continuas.	60
Outros			

### Observacións avaliación

Na avaliación terase en conta a asistencia e participación activa, tanto nas sesións expositivas como nas interactivas. Valoraranse os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita e a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo. A saída ao medio será obrigatoria.

Para superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada unha das dúas partes: proba mixta e a suma das demais partes, sendo necesario asistir ao 80% das clases.

Terán carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non concorran á proba mixta ou a calquera apartado da avaliación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación desuspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá optar entre facer a proba mixta, cun valor do 60%, e outra proba sobre as interactivas, cun valor do 40% (e superar ambas); ou unha proba escrita (60%) e un traballo tutelado (40%), previo acordo co profesorado (e aprobar ambas partes).

### Fontes de información



## Bibliografía básica

- Armas, X. (coord) (2002). Ensinar historia de Galicia. Santiago. ICE USC
- Bardavio Novi, A., González Marcén, P. (2003). Objetos en el tiempo. Las fuentes materiales en la enseñanza de las ciencias sociales. Barcelona. ICE. Horsori
- Batllori, R. y Casas, M. (2000). El conflicto y la diferenciación. Conceptos clave en la enseñanza de las Ciencias Sociales. Lleida. Milenio
- Benejam, P., et al. (2002). Las ciencias sociales: concepciones y procedimientos. Barcelona. Graó
- Benejam, P., Pagés, J. et al. (1999). Los conceptos clave en la Didáctica de las CCSS. Barcelona. Graó
- Benejam, P., Pagés, J. et al. (1997). Enseñar y aprender Ciencias Sociales. Barcelona. ICE Horsori
- Carretero, M. (2004). Aprender y pensar la historia.. Buenos Aires: Amorrortu
- Cooper, H. (2002). Didáctica de la Historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid. MEC. Morata
- Domínguez Garrido, C. coord. (2004). Didáctica de las Ciencias Sociales. Madrid. Pearson Prentice Hall
- García Ruiz, A.L., Jiménez López, J.A. (2007). La implementación de los principios científico-didácticos en el aprendizaje de la geografía y de la historia. Granada: Universidad
- Hernández Cardona, X. (2002). Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia. Barcelona. Graó
- Licerias Ruiz, A. (2004). Observar e interpretar el paisaje. Estrategias didácticas. Granada. Grupo Editorial Universitario
- Licerias Ruiz, A., Romero Sánchez, G. (2016). Didáctica de las Ciencias Sociales Fundamentos, contextos y propuestas. Madrid: Ed. Pirámide
- López Facal, R. et al. (2000). La historia al servicio del poder. Barcelona. Crítica
- Martínez Medina, R., García Morís, R., García Ruiz, C. R (Edits) (2017). Investigación en Didáctica de las Ciencias Sociales. Retos, preguntas y líneas de investigación. Córdoba: Universidad de Córdoba
- Miralles Martínez, P. Molina Puche, S., Santisteban Fernández, A. (eds.) (2011). La evaluación en el proceso de enseñanza y aprendizaje de las ciencias sociales. Murcia: AUPDCS
- Pluckrose, H. (1993). Enseñanza y aprendizaje de la Historia. Madrid. Morata
- Trepát, C. y Comes, P. (1998). El tiempo y el espacio en la didáctica de las Ciencias Sociales. Ed. Graó
- Tann, C.S. et al. (1990). Diseño y desarrollo de unidades didácticas en la escuela primaria.. Madrid: MEC\_Ediciones Morata
- Torres Santomé, J. et al. (2002). Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos.. Santiago de Compostela: Universidade
- Trepát, C. (1995). Procedimientos en Historia. Un punto de vista didáctico.. Barcelona. Graó
- Tribó, G (2015). Enseñar a pensar históricamente. Barcelona. Horsori
- Alcántara-Manzanares, J. y López-Fernández, J. A. (2021). Didáctica del medioambiente en educación primaria. Madrid: Editorial Síntesis
- Moya, J. y Zubillaga del Río, A. (2020). Un currículo para un mundo sostenible #ODS2030. Madrid: Anaya



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>- Agüera, I. (2000). Diálogo con mi nieto. El papel de los ?mayores? en la educación de los ?pequeños?. Madrid. Narcea</p> <p>- Barciela Garrido, P., &amp; E. Rey Seara (2000). Xacementos arqueolóxicos de Galicia. Ed. Xerais.</p> <p>- Ceballos Rodríguez, J. (2002). Recopilación de juegos y canciones populares para Infantil y Primaria. Granada. Grupo Editorial Universitario</p> <p>- Ember, C. otros (2004). Antropología. Perason Prentice Hall</p> <p>- Santacana i Mestre, Martin Piñol, C. (2010). Manual de museografía interactiva.. Gijón: Trea</p> <p>- VVAA (1999). Un curriculum de Ciencias Sociales para el s. XXI: qué contenidos y para qué.. Asociación Universitaria del Profesorado de Ciencias Sociales. Sevilla. Díada</p> <p>Bibliografía: lecturas de textos e traballos na aula (írase ampliando ao longo do curso) Barciela Garrido, P., &amp; E. Rey Seara, 2000. Xacementos arqueolóxicos de Galicia. Ed. Xerais. Bas, B., 2009. Castro de Elviña. Guía de recursos didácticos. Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña-Concello da Coruña. Carballo Arceo, L.X. Os castros galegos. A Nosa Terra. Harris, M., 1994. Vacas, cerdos, guerras y brujas. Los enigmas de la cultura. Alianza Editorial. Maestre Alfonso, J., 1976. La investigación en Antropología Social (ejemplos y técnicas operativas). Akal Editor. Malinowski, B., 1970. Una teoría científica de la cultura y otros ensayos. Edhasa. Mariño Ferro, X.R., 2000. Antropoloxía de Galicia. Vigo: Xerais. VVAA. Guía didáctica del Museo del Pavillón de Galicia . Mapa topográfico en relevo de Galicia. Escala 1/50.000. Equipo Rio Barxa: Magdalena Vidal. José Torres y Mayer. Museo: "Galicia, presencias y esencias de una Cultura" donde se trata de mostrar, con imágenes y objetos, la cultura, las costumbres, las tradiciones y la Historia de Galicia, incidiendo de manera muy especial en el Camino de Santiago. VVAA. 1991-2008. Galicia. Proxecto Hércules Editorial. Dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de edicións. REVISTAS CUADERNOS DE PEDAGOGÍA ÍBER. DIDÁCTICA DE LAS CIENCIAS SOCIALES, GEOGRAFÍA E HISTORIA. CONCIENCIA SOCIAL. DIDÁCTICA DE LAS CIENCIAS EXPERIMENTALES Y SOCIALES. ENSEÑANZA DE LAS CIENCIAS SOCIALES. REVISTA DE INVESTIGACIÓN. PÁXINAS WEB <a href="http://www.turgalicia.es">www.turgalicia.es</a>  <a href="http://www.aaviladonga.es">www.aaviladonga.es</a> <a href="http://www.museodopobo.es/deac-visitas.php">www.museodopobo.es/deac-visitas.php</a> <a href="http://clio.rediris.es">http://clio.rediris.es</a> <a href="http://www.edu.xunta.es">http://www.edu.xunta.es</a> <a href="http://pntic.mec.es/recursos/primaria/conocimiento">http://pntic.mec.es/recursos/primaria/conocimiento</a> <a href="http://www.educahistoria.com">www.educahistoria.com</a> <a href="http://www.didactica-ciencias-sociales.org">www.didactica-ciencias-sociales.org</a> <a href="http://www.edu.aytolacoruna.es">www.edu.aytolacoruna.es</a> <a href="http://www.cervantesvirtual.com">www.cervantesvirtual.com</a> <a href="http://www.prensaescuela.es">www.prensaescuela.es</a></p>
------------------------------------	--

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Dada a relevancia do traballo interactivo, sempre en relación coa teoría impartida nas sesións maxistras, é fundamental a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras como nas sesións interactivas, así como en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificarlos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrílas. &nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías